

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE VERÍN PARA FINANCIAMENTO DA “REDACCIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DO CASCO HISTÓRICO E BARRIO DE SAN LÁZARO DO CONCELLO DE VERÍN”

En Verín, a 6 de maio de 2015

REUNIDOS

Dunha parte, a Sra. D^a. Ethel María Vázquez Mourelle, Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 70/2014, do 14 de xuño, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia

Doutra parte o Ilmo. Sr. D. Juan Manuel Jiménez Morán, na súa condición de Alcalde-Presidente do Concello de Verín, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

I.- O municipio de Verín conta actualmente con Plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente o 7 de decembro de 2012 (publicado no DOG nº 239, do 17 de decembro de 2012).

Anteriormente dispuxo de Normas subsidiarias de planeamento, aprobadas definitivamente o 28 de maio de 1986 (publicadas no BOP do 5 de xuño de 1986) que foron substituídas polo Plan xeral de ordenación urbana, aprobado definitivamente o 3 de agosto de 1998 (publicado no DOG nº 154, do 11 de agosto de 1998), anulado polo T.S.X. de Galicia en 2007.

Todos e cada un dos instrumentos de planeamento xeral que rexeron en cada momento para o municipio de Verín definiron o ámbito do Casco Antigo de Verín, establecendo unha ordenanza específica e diferenciada para o mesmo, co obxecto de protexer as súas características históricas, ambientais, culturais, urbanísticas e arquitectónicas.

Ademais, o PXOU de 1998 establecía a obrigatoriedade de redactar un Plan especial de protección e reforma interior para o Casco Antigo e o Barrio de San Lázaro, plan que se aprobou definitivamente o 27 de outubro de 2003 (publicado no DOG nº227, do 21 de novembro de 2003).

Ao depender o Plan especial do Plan xeral de 1998, perdeu a súa vixencia ao anularse o citado Plan xeral, polo que é necesaria a redacción dun novo Plan especial para o Casco Antigo e Barrio de S. Lázaro que dependa do Plan xeral de ordenación municipal de 2012.

O propio Plan xeral de 2012 establece a obrigatoriedade de redactar un Plan especial de protección de reforma interior (PEPRI-01 Casco Histórico) para o Casco Antigo de Verín, estando este plan pendente de redacción.

II.- Ata datas recentes, o Casco Histórico de Verín, ten sufrido unha considerable degradación cultural, patrimonial, económica, medioambiental e física por diversas causas, entre as que se poden citar:

- Dende o punto de vista social: o desprazamento da centralidade urbana, o envellecemento da poboación, provocando unha escasa ocupación, un alto índice de marxinalidade social e unha falta de promoción da zona.
- Dende un punto de vista físico e patrimonial: falta de condicións de habitabilidade e de dotacións e equipamentos con patrimonio en proceso de deterioro e evidentes deficiencias en infraestruturas urbanas.
- Dende o punto de vista socioeconómico e cultural: desemprego, comercio local inadaptado, rúas tradicionais sen actividade comercial.
- Dende o punto de vista medioambiental: espazos urbanos degradados, elementos de escena urbana inadaptados, problemas de accesibilidade e mobilidade.

Por outro lado o centro histórico, orixe e epicentro da vila, contén as sinais de identidade -as prazas, a configuración das rúas e edificacións, a composición das fachadas e os materiais empregados nas rúas-, e marca a evolución da vila ao longo do tempo.

A conservación e revitalización do Patrimonio debe estar profundamente conectada cunha acción de rehabilitación que comprenda non solo os medios e procedementos arquitectónicos e técnicos, senón tamén a creación de servizos sociais e culturais adecuados, de modo que se chegue a garantir un equilibrio entre a parte antiga e a moderna.

Para darlle solución á situación do Casco Histórico de Verín, e tamén á do Barrio de San Lázaro, son necesarios tres instrumentos para o control das actuacións que se leven a cabo neste ámbito de actuación:

- Declaración de Área de Rehabilitación.
- Creación de Oficina de Rehabilitación.

Aprobación de Plan Especial de Reforma Interior. Estivo vixente un plan especial dende 2003 ata 2007, polo que é necesario recuperar este instrumento para completar os medios necesarios para o desenvolvemento do Casco Antigo e do Barrio de San Lázaro de Verín.

Do exposto anteriormente dedúcese a necesidade da redacción dun Plan Especial para o Casco Antigo e o Barrio de San Lázaro de Verín, plan especial que estivo en vigor dende o ano 2003 ata o 2007, pero que deixou de estar en vigor a raíz da anulación do PXOU de 1998. É polo tanto, necesaria a redacción dun novo Plan Especial dependente do PXOM de 2012.

III.- O Concello de Verín, no seu plan especial do desenvolvemento do conxunto histórico, pon especial atención á súa estratexia de cooperación coa cidade fronteiriza de Chaves (Portugal). Entre ambas cidades forman unha Eurocidade con personalidade xurídica propia que ten entre os seus obxectivos a harmonización e a compatibilidade de instrumentos de xestión do territorio (plans de ordenación urbanística, normativas e plans específicos, desenvolvemento do termalismo e do auguismo, imaxe de marca territorial en torno á auga, á saúde e ao benestar) que sexan especialmente protexidos e potenciados fomentando un equilibrio territorial e reducindo o risco de usos distintos ou planificacións asimétricas que dificulten a ordenación da Eurocidade como único territorio.

Dentro desta estratexia transfronteiriza que diferencia a Verín do resto de municipios, é importante subliñar a necesidade de impulsar actuacións e medidas que garantan:

- **Un desenvolvemento especial do plan do conxunto histórico de Verín que valore o centro histórico de Verín** que nestes momentos se atopa nunha situación de desequilibrio con respecto ao centro Urbano de Chaves. É de vital necesidade para o desenvolvemento da Eurocidade Chaves-Verín a consecución de intervencións de gran calado capaces de potenciar o valor patrimonial, histórico e cultural que conformen unha identidade común e complementaria nos dous polos da Eurocidade (centro urbano de Verín e Chaves) que sexa capaz de fomentar o seu atractivo histórico, patrimonial, social e de lecer).

- **A concentración de recursos termais e de augas mineromedicinais** que constitúe o elemento fundamental de conformación histórica da súa identidade (cultural) e de identificación (imaxe proxectada ao exterior). Verín conta coa maior superficie de auga mineiromedicinal da Península Ibérica.

- **A considerable actividade económica en torno ao termalismo de saúde-auguismo** (cura por inxesta de augas mineromedicinais) e **de augas embotelladas** (mananciais de Sousas, Fontenova e Cabreiroa). A planificación urbanística en torno ao termalismo e a auga son fundamentais na estratexia do desenvolvemento sostible de Verín en consonancia coa cidade termal de Chaves.

- **A potenciación de proxectos en infraestruturas innovadoras relacionados co termalismo** que Verín leva planificando nos últimos anos: o Hotel Termal Escola de Cabreiroa e o Balneario de Caldeliñas.

- **A designación de Verín como Vila Termal Española** (membro da Asociación Nacional de Vilas Termais da FEMP) conleva unha especial atención na súa protección e desenvolvemento do centro histórico por detentar unha compoñente de diferenciación de extraordinario valor.

- **O desenvolvemento da Ecovía do río Támega** (senda ciclable e peonil que comunicará os centros históricos de ambas cidades) é un recurso de gran atracción de visitantes que require dun desenvolvemento complementario do centro histórico de Verín acorde á concreción dun destino termal e do auga de excelencia.

- **Un impulso ao comercio, a restauración e a hotelería no centro histórico de Verín** que permita constituír a base dunha maior oferta de calidade que sexa acorde cun destino de excelencia e transfronterizo (promoción da marca visit Chaves-Verín). O desenvolvemento económico do centro histórico de Verín é determinante para unha estruturación transfronteiriza da oferta comercial que garanta o desenvolvemento turístico da Eurocidade.

Convén destacar o paso do Camiño de Santiago pola Vila de Verín (Vía da Prata), onde o albergue de peregrinos e a oficina de turismo se sitúa na denominada casa do Asistente en pleno casco histórico da vila.

IV.- A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, ten atribuídas competencias específicas en materia de urbanismo entre as que se atopan, en relación cos plans especiais, a emisión do informe preceptivo e vinculante no que se refire ao control da legalidade e tutela dos intereses supramunicipais, así como o cumprimento das determinacións establecidas nas directrices de ordenación do territorio e dos plans territoriais e sectoriais.

Tamén asume a Consellería, unha labor de fomento para que os concellos teñan os documentos de planeamento municipal adaptados a lexislación vixente e ás características particulares previstas para o seu desenvolvemento urbanístico.

Entre as labores de fomento cabe sinalar as ordes anuais polas que se regula a concesión de axudas a entidades locais para formulación de planeamento urbanístico

V.- A Consellería considera axeitado colaborar na redacción do planeamento urbanístico do municipio de Verín e para iso contribuir cunha achega económica de cento dez mil trescentos trinta e oito euros con vinte céntimos 110.338,20 €, equivalente ao 90% do custo de redacción da revisión Plan Especial. A dita achega, ten que realizarse a través do Concello de Verín, xa que esta institución é a mais axeitada para o cumprimento dos obxectivos previstos. Por outra banda, nos orzamentos figura partida para o financiamento da actuación.

VI.- Consideran os asinantes que o proceso de formación do Plan Especial debe realizarse coordinadamente entre ámbalas dúas administracións, a través da colaboración no proceso de elaboración do planeamento e coordinación no exercicio das súas competencias respectivas e considerando as especiais circunstancias que, por motivos legais, concorren na redacción e tramitación do documento, unidas á complexidade dun proceso de redacción dun Plan Especial.

Por todo o anterior as partes intervintes, o Concello de Verín e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, acordan formalizar o presente Convenio, para establecer as obrigas e dereitos de cada unha delas, aténdose ás seguintes

CLÁUSULAS

CLÁUSULA PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente Convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Verín para a redacción **do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico e Barrio de San Lázaro (PEPRICH) do Concello de Verín**, con un orzamento total de cento vinte e dous mil cincocentos noventa e oito euros (122.598,00 €).

CLÁUSULA SEGUNDA. COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA

A Xunta de Galicia, a través da consellería de Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas, asume os seguintes compromisos:

1.- Contribuír o financiamento, das actuacións descritas na cláusula primeira, cunha achega de como máximo de cento dez mil trescentos trinta e oito euros con vinte céntimos 110.338,20 €, equivalente ao 90% do custo de redacción do PEPRICH con cargo a aplicación orzamentaria 07 02 521A 7600 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, distribuídas nas seguintes anualidades:

Anualidade de 2015:	22.067,64 €
Anualidade de 2016:	33.101,46 €
Anualidade de 2017:	33.101,46 €
Anualidade de 2018:	22.067,64 €

Os aboamentos da aportación da axuda efectuarase do seguinte xeito:

- a) 22.067,64 euros logo da sinatura do contrato, que se acreditará segundo o establecido no apartado cinco da cláusula terceira.
- b) 33.101,46 euros logo da aprobación inicial por parte do concello, que se acreditará segundo o establecido no apartado cinco da cláusula terceira.
- c) 33.101,46 euros, logo da emisión do informe previo a aprobación definitiva por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, que se acreditará segundo o establecido no apartado cinco da cláusula terceira.
- d) 22.067,64 euros, unha vez aprobado definitivamente o PEPRICH ou, de ser o caso, entregado na Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo unha copia cotexada do seu texto refundido.

2.- A Consellería asumirá, ata o límite establecido no apartado 1 desta cláusula, o custo da redacción da Revisión do PEPRICH, unha vez que polo concello se presenten as correspondentes certificacións de execucións dos traballos segundo as fases establecidas no contrato de asistencia asinado polo Concello de Verín para a redacción da Revisión do PEPRICH. Os aboamentos parciais que, no seu caso, se efectúen, non superarán o 80% da porcentaxe subvencionable.

3.- A Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas, reservase o dereito de inspeccionar a execución dos traballos en calquera momento, durante a súa execución.

4.- Nomear, se fora o caso, de entre os seus funcionarios, a un grupo de traballo que dedicará unha especial atención ó desenvolvemento das actuacións establecidas neste convenio para a eficaz culminación da finalidade do mesmo

CLÁUSULA TERCEIRA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE VERÍN.

O Concello de Verín asume as seguintes obrigas:

1. a).- Efectuar a aprobación inicial e definitiva do documento do PEPRICH e realizar posteriormente, a súa entrega na Secretaría Xeral de Ordenación Territorio e Urbanismo.

1. b).- De ser o caso, unha vez aprobado definitivamente o PEPRICH entregarase na Secretaría Xeral de Ordenación Territorio e Urbanismo un texto do documento refundido debidamente cotexado.

2.- Facilitarlle o acceso a todo tipo de información, que teña relación co obxecto do presente acordo, a Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas.

3.- Contribuír o financiamento custo total pendente de executar, é dicir, doce mil douscentos cincuenta e nove euros con oitenta céntimos (12.259,80 €), correspondentes ao 10% do total, ata completar, xunto coa aportación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o custo do contrato. O libramento efectuarao o concello, xunto ou previo ó correspondente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, en cada fase cumprida, segundo o establecido no apartado 1 da cláusula segunda, e dentro das anualidades programadas de acordo coas seguintes anualidades:

Anualidade de 2015:	2.451,96 €
Anualidade de 2016:	3.677,94 €
Anualidade de 2017:	3.677,94 €
Anualidade de 2018:	2.451,96 €

Así mesmo, o Concello de Verín asume a obriga de financiar a súa conta exclusiva, se fora o caso, os posibles modificados do contrato, contratos complementarios, liquidacións e/ou revisións de prezos que se puideran producir.

4.- Para os efectos do previsto no artigo 30.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas pola que se outorgue a aprobación definitiva do Plan Especial e a posterior entrega na Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo dun exemplar do documento aprobado debidamente dilixenciado, será requisito suficiente como xustificación plena de execución dos traballos obxecto da axuda.

5.- Realizar ante a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a correspondente rendición da conta xustificativa do cumprimento das condicións e consecución dos obxectivos da axuda, presentando para isto a seguinte documentación:

(i) Copia compulsada dos xustificantes de gasto, certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento da finalidade da subvención. En relación co contido do artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, DOG de 25 de xuño de 2007, faise constar para o presente acordo a excepción de consideración de gasto realizado igual ao gasto efectivamente pagado. A estes efectos, terase en conta que se considera gasto realizado, o que foi efectivamente certificado pola intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención (art. 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia). Así mesmo, a entidade local beneficiaria deberá acreditar, dentro do prazo de un (1) mes contado a partir da data de recepción dos fondos da axuda, ante a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o pagamento dos fondos ao/s contratista/s que executaron ou as obras ou servizos obxecto do presente acordo.

(ii) Certificación ou acto de aprobación/conformidade do órgano municipal que corresponda.

A data límite de presentación da referida documentación de xustificación do gasto nas dependencias citadas, establécese no día 30 de novembro de cada unha das anualidades establecidas no presente convenio.

6.- Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.

7.- Comunicar a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, á modificación das condicións establecidas neste convenio.

8.- Reintegrar á Comunidade Autónoma, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, a cantidade total ou parcial da axuda establecida, e dos xuros de demora devengados dende o momento do seu pagamento, neste convenio para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

9.- Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, todas as obrigas que, para o mesmo, establece o citado artigo.

10.- A concesión de axudas deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. De acordo có disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, a achega económica será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

11.- O Concello de Verín presta expresamente o seu consentimento para que se lle de, ao presente convenio, a publicidade que establecen os apartados 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública galega, na forma establecida, e nos rexistro públicos regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, rexistros creados polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 21 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2006. Polo tanto, o convenio será obxecto de publicación na páxina Web oficial con expresión da contía e a súa finalidade, de acordo co disposto na citada normativa.

12.- Nomear, se fose o caso, de entre os seus funcionarios, a un grupo de traballo que dedicará unha especial atención ó desenvolvemento e seguimento das actuacións establecidas neste convenio maillo seguimento dos prazos estipulados no correspondente contrato de execución.

CLÁUSULA CUARTA.- OBRIGAS TRIBUTARIAS E DE ORDE SOCIAL

En aplicación do establecido no artigo 11 f) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade local aportará, con carácter previo á sinatura do presente acordo e xunto coa documentación xustificativa que dea lugar aos pagamentos previstos na cláusula segunda, a oportuna declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

CLÁUSULA QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO.

Para o impulso, seguimento e interpretación das accións establecidas no presente convenio crease unha comisión, que propoñerá as partes a resolución das controversias que resulten respecto da súa execución, integrada por catro membros, dous por cada unha das partes asinantes do presente documento. Pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas formarán parte da mesma, a Secretaria Xeral de Ordenación Territorio e Urbanismo ou persoa en quen delegue, e o Subdirector Xeral de Urbanismo. Polo Concello de Verín a comisión integrarana o Alcalde ou persoa en quen delegue, e o Concelleiro responsable da área de Urbanismo.

CLÁUSULA SEXTA.- LEXISLACIÓN APLICABLE, INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

1.- Para o non previsto no presente convenio, resultará de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xuño, e o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación e cumprimento, sen prexuízo das funcións atribuídas a comisión de seguimento, serán de coñecemento e competencia do orde xurisdiccional do contencioso - administrativo.

2.- O incumprimento de calquera das cláusulas do presente Convenio constituirá causa suficiente de rescisión do mesmo.

3.- O presente Convenio ten natureza administrativa. A xurisdición Contencioso-administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia do mesmo.

O presente Convenio obriga ó cumprimento do expresamente pactado, someténdose ámbalas dúas partes ó acordado en tódalas estipulacións, estendéndose por triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

CLÁUSULA SÉTIMA. VIXENCIA DO CONVENIO.

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura e a vixencia estenderase ata o remate das actuacións, cando sexan recibidas de conformidade polo Concello, non podendo exceder 15 de decembro de 2018.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes o presente documento, no lugar e data do encabezado.

Pola Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas



Ethel María Vázquez Mourelle

Polo Concello de Verín

Juan Manuel Jiménez Morán